

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 26/04/1976

Colección:

Data: 26/04/1976

De:

Ramón Piñeiro;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Mencionados:

Castelao; Manuel Torres;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 26/04/1976

Compostela, 26-IV-76

Querido Luis:

A Asociación Amigos da Cultura de Pontevedra quixo conmemorar o ano pasado o 25 aniversario da morte de Castelao. Con tal motivo, pedíronme que dese alí unha conferencia o día 7 de xaneiro, que se celebrou no local do antigo Café Moderno. Segundo me informou o Manolo Torres, a mesa desde a que eu falei estaba xusto no lugar onde Castelao e os seus amigos tiñan a tertulia cotián. Por ser en Pontevedra, por ser naquel lugar e porque estaban presentes bastantes amigos de Castelao, o acto resultou moi emotivo. Pedíronme o texto da conferencia para publicala. Logo deron na trécola de editala en galego, castelán, catalán e euskera, co que retrasaron moito a publicación. Sairá agora, aos dezaseis meses de ser pronunciada. Acabo de recibir uns cantos exemplares e mándoche un por avión. Prodúceme grande alegría poder mandarche algo meu. ¡Recibo tantas e tan valiosas cousas tuas!

Apertas nosas para os dous

Ramón

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.